



50ª FESTA DO QUEIXO
ARZÚA 14·15·16·MARZO **20**
25



**FESTA DO
QUEIXO**

SAÚDO DO ALCALDE



Queridas veciñas e veciños, visitantes e amantes do queixo de Arzúa:

Este ano **celebramos con gran orgullo o 50.º aniversario da nosa Festa do Queixo**, un evento que leva medio século sendo símbolo da nosa tradición, cultura e sabor. É **un momento especial para render homenaxe ao noso produto máis emblemático** e a todas as persoas que, co seu traballo e paixón, fixeron posíbel que esta festa sexa hoxe un **referente en Galiza e máis alá**.

Convidámosvos a **queixear e desfrutar desta edición tan sinalada**, onde a música, a gastronomía e o bo ambiente farán de Arzúa, unha vez máis, o epicentro do mellor queixo e da mellor festa. **Que esta celebración nos una e nos encha de orgullo!**

Viva a Festa do Queixo! Viva Arzúa!

Xoán Xesús Carril
Alcalde de Arzúa

DOMINGO, 9 DE MARZO.

11:00 h

I CARREIRA TERRA DO QUEIXO

Etapa Melide–Arzúa. 13,3 km.

· Inscrición: 981 291 683 | info@carreirasgalegas.com

MARTES, 11 DE MARZO.

18:00 h

DEGUSTACIÓN DO XEADO ARTESÁN DE BICO DE XEADO CON QUEIXO DA DOP ARZÚA–ULLOA

Edición exclusiva 50.º aniversario

📍 Xardín da Casa de Correos

· De balde ata completar capacidade

MÉRCORES, 12 DE MARZO.

17:00 h

CATA COMENTADA DE QUEIXO DA DOP ARZÚA–ULLOA

📍 Capela da Madanela

· De balde. Capacidade máxima 25 persoas para a degustación, por orde de chegada.

· Imparte: Consello Regulador DOP Arzúa-Ulloa

· Duración aproximada: 90 min.

XOVES, 13 DE MARZO.

10:00 h

ACTIVIDADES PARA AS CRIANZAS DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE O QUEIXO

📍 Galiña Azul

· Imparte: Alumnado do ciclo de Educación Infantil da EFA Piñeiral

20:00 h

PRESENTACIÓN DO LIBRO COLECTIVO

"50 anos, 50 receitas, 1 queixo. Unha viaxe culinaria polo medio século da Festa do Queixo de Arzúa"

9 Aula 3 do recinto feiral "Terra do Queixo", 1.º andar.

VENRES, 14 DE MARZO.

18:30 h

8.º PEQUEQUEIXO

Público familiar

CÉ ORQUESTRA PANTASMA

O vigués César Freiria, un músico autodidacta apaixonado polos instrumentos. Desde o 2008, este músico percorre toda a xeografía galega con esta proposta ás súas costas, un proxecto musical unipersoal e polifacético grazas ao seu amplo repertorio, no que se conxuga á perfección toda unha vida musical.

9 Capela da Madanela

A partir das 18:00 h

17.ª EDICIÓN DO CONCURSO DE TAPAS E PETISCOS "FESTA DO QUEIXO"

Degustación das elaboracións con queixo da DOP Arzúa-Ulloa polos diferentes locais de hostalaría de Arzúa.

· Organiza: CRDOP Arzúa-Ulloa.



SÁBADO, 15 DE MARZO.

11:00 h

**APERTURA DE PORTAS DO RECINTO FEIRAL
TERRA DO QUEIXO**

11:30 a 13:30 h

ANIMACIÓN DE RÚA CON LUAR DAS AUGAS

Quinteto arzuán de **música tradicional galega** que coas súas interpretacións musicais fai bailar a todo o mundo!

📍 Recinto feiral, praza de Galiza e rúas variadas.

12:00 h

**INAUGURACIÓN DA 50.ª EDICIÓN DA FESTA
DO QUEIXO**

- Presentación a cargo de **Xan Veiga e Leti da Taberna**
- **Entrega de premios** do concurso tapas
- **Homenaxe ás mulleres queixeiiras** e ás persoas pioneiras da Festa do Queixo

**PREGÓN A CARGO DE LUCÍA FREITAS, RECOÑECIDA CHEF
GALEGA, INTEGRANTE DO GRUPO NOVE.**

Lucía Freitas é hoxe **unha das chefs galegas máis prestixiosas**. Aposta por unha gastronomía que fusiona raíces e vangarda coa **defensa dos produtos locais e o labor das mulleres do sector primario**. Rexenta en Compostela os restaurantes A Tafona (estrela Michelin) e Lume un novo concepto de barra gastronómica na que cociñar sen etiquetas, "*slow food* a lume de carozo". Entre os produtos favoritos desta gran chef non falta o queixo de Arzuá!

13:45 h

SHOWCOOKING CON LUCÍA FREITAS

📍 Recinto Feiral "Terra do Queixo", 1.º andar.

Capacidade máxima 50 persoas para a degustación, por orde de chegada.

17:00 h

OBRADOIRO INFANTIL DE COCIÑA UN QUEIXO MOI DOCE

Masterclass do alumnado e profesorado do ciclo de panadaría e repostaría da EFA PIÑEIRAL de Arzúa.

📍 Cociña do Recinto Feiral "Terra do Queixo", 1.º andar.

Inscripción de balde no 981 500 580

17:00 h

CHARLA E CATA**"Queixo e saúde, desfacendo mitos"**

Javier Sánchez García, Secretario Técnico, AREQ - Asociación Ruta Europea do Queixo

📍 Recinto Feiral "Terra do Queixo", Aula 3 - 1.º andar.

18:00 h

FALADOIRO**"Mulleres e queixo: tradición, innovación e futuro"**

📍 Casa das Mulleres (Rúa San Vicente s/n)

18:30 h

8.º PEQUEQUEIXO

Público familiar

MÁIS SAABOR!

Logo de máis de 150 funcións de Saaabor! o mesmo equipo de creadores volve ao ataque coa súa creación máis saborosa. Fran Rei e Félix Rodríguez retornan aos fogóns baixo as ordes do chef Avelino González para achegarnos un espectáculo totalmente orixinal, divertido e sorprendente cheo de humor, música e maxia.

📍 Capela da Madanela

19:00 - 20:30 h

ANIMACIÓN DE RÚA CON A PATRULLA DO ULLA

A Patrulla do Ulla é un sexteto en corte de murga galega especializado na música tradicional de rúa. Gaita, saxo soprano, acordeón diatónico, saxo alto, caixa e bombo-chis encetan unha gran variedade de ritmos tradicionais bailábeis para chamar á foliada improvisada.

📍 Recinto feiral, praza de Galiza e rúas variadas.

20:30 h **PECHE DO RECINTO FEIRAL**

INICIO DOS CONCERTOS

RECINTO ABERTO, ACTUACIÓNS MUSICAIS
BAIXO CARPA E ACCESO DE BALDE A TODOS
OS CONCERTOS E ACTIVIDADES.



20:30 h

CAPITAL VOSKOV GAÑADOR QUEIXO MAQUETÓN




A banda de Muros estreou en outubro de 2024 *Abrir el juego* e en 2025 seguirá coa *xira Xa improvisaremos tour*.

Cunha mestura de indie e electrónica, combinan melodías pegadizas, riffs intensos e ritmos contundentes en galego e castelán. O seu directo impecábel levounos a festivais como o

Festival das Carrilanas, Surfing The Lérez e Osa do Mar.

21:15 h

MONDRA



Mondra, artista, cantareiro e bailarín, medrou vinculado á tradición galega, o teatro e o audiovisual. En 2023 publica *Ardên*, un proxecto musical e performativo producido por Berto, que combina irreverencia e intimidade. O seu debut gañou o Premio Martín Códax 2024 en Electrónica. Ademais, o videoclip

de *Ruando*, con Aida de *Tanxugueiras*, foi finalista nos Mestre Mateo e no Festival de Cans.

22:45 h

XOEL LÓPEZ



Xael López é unha das voces máis destacadas da escena independente iberoamericana, cunha traxectoria de máis de 20 anos. Tras comezar con Elephant Band e Deluxe, consolidouse en solitario con álbums como *Atlántico* (2013) ou *Caldo Espiritu* (2023), onde fusiona cantautor, rock e raíces. En *Si mi rayo te alcanzara* (2021) explorou novos sons con Carles Campi Campón. Recentemente, foi nomeado aos Premios Goya 2024 pola canción *Eco*.

00:20 h

CARIÑO



Pop de guitarras con influencias transatlánticas, onde exploran baladas a piano, uk-garage e dream pop. Neste disco amplían o seu son para falar do seu tema favorito: o amor. Quizais o seu traballo máis marcado polo desamor, pero tratado con maior serenidade. Os sentimentos son os mesmos, pero a forma de afrontalos evoluciona, tamén musicalmente. "Se non falásemos de amor e desamor, non serían cancións de Cariño".

01:50 h

THE RAPANTS



The Rapants, banda nacida en Muros en 2018, fusiona pop, garage e disco cun directo vibrante que fai bailar sen descanso. En 2024 levaron a súa enerxía a 40 escenarios da Península e en 2025 seguen presentando *La máquina del buen rollo* (2024). Este disco combina melodías disco, rock e hip hop en nove cancións tristes para corazóns de *after*, consolidando o seu legado como unha aposta segura para o baile e o bo rollo.

DOMINGO, 16 DE MARZO.

10:00 h

APERTURA DE PORTAS DO RECINTO FEIRAL **TERRA DO QUEIXO**

10:00 h

5.º TORNEO DE XADREZ **CHESSE AND CHEESE ARZÚA**

Torneo aberto a todas e todos os xogadores, válido para Elo fide de blitz.

📍 **Local Social de Santa María (a carón do parque de bombeiros)**

- Incricións: 617 234 393 ou en torneos@galichess.com ata o sábado 15 de marzo ou ata completar capacidade de 100 participantes. Xeral 5 €, locais 3 €.
- Máis información: www.galichess.com

10:30 - 14:00 h

ANIMACIÓN DE RÚA A CARGO DE OS **BREGADIERS**

Os Bregadiers traerán á rúa ritmos swing, jazz e rock&roll, inspirados nas brass bands e bandas gypsy, cunha calidade musical excepcional. Músicos galegos que levan á festa sons nunca antes escoitados nas vilas galegas.


📍 **Recinto feiral, praza de Galiza e rúas variadas.**

12:00 h

8.º **PEQUEQUEIXO**

Público familiar

CHAFALLAS, A VENDEDORA DE FUME.



Chafallas vai de vila en vila buscándose a vida, conta historias e entretén á xente. Achéganos á literatura do rural galego e portugués dende a súa forma tradicional: contos cantados, enganos e embustes, o marabillioso, o retablo dos títeres, romances representados no cartelón...

📍 **Capela da Madanela**

12:30 - 14:00 h

ANIMACIÓN DE RÚA A CARGO DE BRASSICA RAPA

Brass band formada integramente por rapazas, tocan instrumentos de vento metal e percusión e crean unha atmosfera alegre coa súa música, de repertorio coñecido e fresco, coa que a festa está asegurada.

📍 Recinto feiral, praza de Galiza e rúas variadas.

INICIO DOS CONCERTOS


RECINTO ABERTO, ACTUACIÓNS MUSICAIS
BAIXO CARPA E ACCESO DE BALDE A TODOS
OS CONCERTOS E ACTIVIDADES.



12:30 h

**SESIÓN VERMÚ:
O SON DE ARZÚA**


O Bringuelo, a Banda de Música de Arzúa e a Rondalla Moraima



“O son de Arzúa” é un espectáculo único creado especialmente para celebrar o 50.º aniversario da Festa do Queixo. Nesta proposta musical, únense tres agrupacións emblemáticas de Arzúa –O Bringuelo, a Banda de Música de Arzúa e a Rondalla Moraima– para ofrecernos unha viaxe sonora que reflicte a esencia e a tradición do noso concello. Cun repertorio que combina a música popular galega con arranxos orixinais e unha posta en escena vibrante, “O son de Arzúa” convértese nunha homenaxe á nosa identidade cultural e á riqueza musical da comarca, enchendo o escenario de emoción, historia e sentimento.

18:00 h

OS MELIDAOS



Os Melidaos, grupo de música tradicional galega nacido en Melide en 2001, reúne músicos de diversas xeracións coa convicción de que a música tradicional é un tesouro que cómpre preservar. Levan máis de dez anos difundindo este legado a través dun repertorio que inclúe pezas do cancionero tradicional, dos Coros Históricos, de cuartetos e agrupacións relevantes, así como composicións propias e cancións recollidas por eles mesmos, sempre coa idea de que "o pobo que non amosa orgullo polas súas raíces, non terá futuro como tal".

19:15 h

XISCO FEIJOÓ



Xisco Feijoó, cantautor vigués, destaca pola súa música intimista e as súas letras profundas, nas que reflexiona sobre o amor, a vida e a identidade galega. Cun estilo que fusiona folk, pop e rock, a súa voz cálida e o son acústico fan del unha referencia na música galega. Con varios álbums e unha longa traxectoria, ten colaborado con numerosos artistas, consolidándose como unha das voces máis respectadas e queridas, sendo un referente para as novas xeracións.



**FAI USO COMPARTIDO
DO VEHÍCULO**



**NON DEAS VOLTAS,
USA O APARCADOIRO**



**PRESERVA LIMPOS
OS WC'S PARA TOD@S**



**TIRA O LIXO EN
PAPELEIRAS E COLECTORES**

MAPA DA FESTA



1976 — 2025
FESTA DO QUEIXO
ARZÚA
 14, 15 E 16 DE MARZO DE 2025

ZONA 4B
 A CORUÑA 69 KM

R/ Alcalde Juan Vidal | **ZONA 4A**: feira multiseccional

R/ Alcalde Juan Vidal | **ZONA 3**: feira artesanal

R/ Padre Pardo | **ZONA 1**: stands feira artesanía

R/ Padre Pardo | **ZONA 2A**: feira alimentación

R/ Padre Pardo | **ZONA 2B**: feira alimentación

SANTIAGO 40 KM

LUGO 63 KM

INFORMACIÓN DE INTERESE XERAL

CENTRO DE SAÚDE

Padre Pardo s/n
981 501 322

POLICIA MUNICIPAL

Rúa Santiago, 2
618 881 487 - 981 815 298

FARMACIA DA ROTONDA

Curiscada, 1
633 045 599

FARMACIA NO CAMIÑO

Xosé Neira Vilas, 2
981 500 006

FARMACIA ALICIA MOSQUERA VALDIVIELSO

Ramón Franco, 31
981 501 371

FARMACIA MANUEL SAAVEDRA ROBLEDO

Padre Pardo, 34
981 500 041

TAXIS

Provisional Rúa Santiago

BOMBEIROS

Niedereschach, s/n
981 500 836

PUNTO VIOLETA

SÁBADO, 15 DE MARZO DE 21:00 A 02:30 h

Os concertos da Festa do Queixo contarán cun Punto Violeta, un **espazo seguro dedicado á prevención e atención ante agresións sexistas e LGBTifóbicas**. Neste punto ofreceranse xogos, agasallos e, sobre todo, traballaremos **para garantir unha Festa do Queixo libre de violencia machistas**. Trátase dun espazo pensado para apoiar a mulleres e persoas da comunidade LGTBI+ que poidan verse nunha situación de acoso ou agresión durante os concertos.

ESPAZO CONCILIA

SÁBADO DE 11:00 A 14:30 h E DE 16:30 A 20:30 h.

DOMINGO DE 10:00 A 14:30 h E DE 16:30 A 18:30 h.

A Festa do Queixo habilitará un Espazo Concilia con actividades de ocio para nenas e nenos, dispoñíbel para as familias asistentes á festa.

📍 Recinto Feiral "Terra do Queixo", Aula 4 - 1.º andar.

50ª FESTA DO QUEIXO
ARZÚA 14·15·16·MARZO 2025




MÁIS INFORMACIÓN EN
FESTADOQUEIXO.ORG



@FESTADOQUEIXO





ORGANIZA:



COFINANCIADO POR:



QUEIXOS:



QUEIXOIS:

